

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural

BReOGAN

O GROVE • Nº 44- 1º TRIMESTRE 2017
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 9
e-mail: cmdcbreoganogrove@gmail.com
www.clubbreogan.org

**Xadrez cumprindo obxectivos
Resultados Liga**

**Recoñecementos aos nosos
internacionais**

**Tono Campos medalla
de ouro do Breogán**

**Exposición "2016
unha tempada para enmarcar"**

**Breogán: Cuartos
no campionato de inverno**

**Gala Nacional de Piragüismo,
o Breogán o equipo
máis premiado**

2016 UNHA TEMPADA PARA ENMARCAR

SALA DAS DORNAS CONCELLO DO GROVE

11-18 DE FEBREIRO

EXPOSICIÓN

BReOGAN
CLUBE MARÍTIMO DEPORTIVO E CULTURAL

ABANCA

GROVE

DEPORTE GALEGO

zedtech

GALICIA SAUDABLE

VIABUSTRavel

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

ELESA



//ABANCA

O equipo de Xadrez cumprindo obxectivos

O primeiro trimestre do ano acolle boa parte da competición da Liga Galega de Xadrez, esta temporada o noso equipo de xadrez participa no Grupo “B” da Primeira División Galega.

Ata o momento, despois de xogadas oito xornadas, o equipo está cumprindo co obxectivo marcado, que non é outro que o de manter a categoría.

Das oito xornada disputadas, o Breogán gañou dous enfrontamentos, caeu derrotado en catro e fixo táboas noutros dous.

A nivel individual a participación ata o momento dos nosos deportistas foi a seguinte:

- José M. Pérez Negro participou en catro en-

frontamentos, con unha vitoria, dúas táboas e unha derrota. Sumando 2 puntos.

- Juan C. Gil Reguera participou nos oito enfrontamentos, con tres vitorias e cinco derrotas. O que suma tres puntos.


- Heladio Outerio Padín xogou nos oito enfrontamentos, con unha vitoria, cinco táboas e dúas derrotas. Aportando 3,5 puntos.

- José M. Álvarez Sabor participou nos oito enfrontamentos, con dúas vitorias, tres táboas e tres derrotas. Acando 3,5 puntos.

- Xosé R. Fernández Abilleira participou en catro enfrontamentos, con dúas vitorias e dúas derrotas. Sumando 2 puntos.

PARTIDAS XOGADAS POR CADA XOGADOR E PUNTOS ACADADOS

Partidas e puntos									
	1	2	3	4	5	6	7	8	Total
José M. Pérez Negro			1,0		0,5		0,0	0,5	2,0
Juan C. Gil Reguera	1,0	0,0	0,0	0,0	1,0	0,0	1,0	0,0	3,0
Heladio Outerio Padín	0,5	0,0	1,0	0,5	0,0	0,5	0,5	0,5	3,5
José M. Alvarez Sabor	0,5	0,0	0,0	1,0	1,0	0,5	0,5	0,0	3,5
Xosé R. Fernández Abilleira	1,0	1,0		0,0		0,0			2,0




DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



RESULTADOS DA LIGA GALEGA DE XADREZ PRIMEIRA DIVISIÓN – GRUPO “B

Data	Enfrontamento	Resultado
28 xaneiro	BREOGÁN – Mercantil de Riveira	3,0 - 1,0
4 febreiro	Xadrez Rianxo “A” - BREOGÁN	3,0 – 1,0
11 febreiro	BREOGÁN – CXF Baños Print	2,0 – 2,0
18 febreiro	Clubexa - BREOGÁN	2,5 – 1,5
4 marzo	BREOGÁN – Padrón Golfiño “B”	2,5 – 1,5
11 marzo	Marquiño - BREOGÁN	3,0 – 1,0
18 marzo	BREOGÁN - USC Xuvenil	2,0 – 2,0
25 marzo	Club Kárpov - BREOGÁN	3,0 – 1,0



Recoñecementos do Clube @s nos@s internacionais

Aproveitando o acto de inauguración da Exposición “2016 UNHA TEMPADA PARA EN-MARCAR”, dende a Xunta Directiva do Breogán quixemos facer un recoñecemento aos nosos deportistas e técnicos do equipo de piragüismo pola gran tempada 2016 que nos ofreceron. Por iso, como mostra de agradecemento entregamos neste acto un obsequio aos DOCE membros do Breogán que foron internacionais durante a pasada tempada, aproveitando a presenza das autoridades e directivos do Breogán que acudiron ao acto, para facer estas entregas.

Os padexeir@s que recibiron un obsequio neste acto foron: Tono Campos, Natalia García (recolleu o detalle a súa irmá Laura), Jose M. Sánchez, Tania Álvarez, Nuria Villacé, Noel Domínguez, Diego Romero, Lara Outón, Rut Otero, Elena Naveiro e quedando pendente de entregar o trofeo á paracanoísta María Calvo, que non puido acudir.

Asimesmo recibu un trofeo Miguel Fernández Castro na súa dobre función de técnico e padexeiro, ademais do tamén adestrador José Luis Otero Padín.



zedtech
handmade custom kayaks

Tono Campos, recibe a medalla do Breogán

No mesmo acto tivemos un recoñecemento a un deportista que nos enche de orgullo por onde queira que vai, sendo un referente a nivel nacional e internacional: TONO CAMPOS.

O presidente do CMDC Breogán de O Grove fixo entrega a Tono Campos do recoñecemento máis alto que ten a nosa entidade: a Medalla de Ouro de Breogán.

A gran traxectoria deportiva de Tono fixo que fose merecedor deste galardón que se entregou dende Breogán con todo cariño, polo seu curriculum deportivo, pero tamén pola súa loita e profesionalidade no deporte, que fan que sexan un claro exemplo a imitar por tod@s aqueles que queiran ser algo no mundo do deporte.

Esta é a cuarta Medalla de Ouro que entrega Breogán, sendo as anteriores para: o expresidente, Jesús Casal, para o C-2 olímpico de Fredi Bea e David Mascato e a terceira recibíuna no seu día o incombustible, Marcelino Cacabelos.

Con Tono convaleciente aínda da operación que sufríu por culpa dunha desafortunada lesión, de cara a facer máis leve a súa recuperación, fíxoselle entrega de unha caricatura de Gogue, que lle entregou persoalmente o artista.



CARPINTERÍA - CERRAJERÍA



www.groveal.com - info@groveal.com
Rúa Alexandre Bóveda, 87 bj.
36980 O GROVE

Tels. 986 733 844 672 230 770 652 449 213



Éxito de público na exposición “2016 Unha tempada para enmarcar”

A medio día do sábado 11 de febreiro, na “Sala das Cunchas” do Concello do Grove, organizamos un acto para a inauguración da exposición “2016 UNHA TEMPADA PARA ENMARCAR”.

Neste acto estiveron presentes os deputados provinciais Consuelo Besada e Javier Dios; o alcalde do Grove, José A. Cacabelos e o presidente da Federación Galega de Piragüismo, o meco e breoganista, Fredi Bea. Ademais d@s deportistas e técnicos do Breogán, amigos e veciños, entre os que se atopaba o artista local, Gogue.

Falaron neste acto a deputada de deportes, Consuelo Besada, e o alcalde, José A. Cacabelos. Ambos alabarón a gran temporada realizada pol@s nos@s deportistas.

Dende Breogán o que se pretendeu con esta exposición foi o facer visibles o gran traballo dos nosos deportistas e técnicos durante toda a temporada, e os logros acadados froito desa laboura.

Traballo e logros que non se poden observar a cotío pola cidadanía, xa que a singularidade do noso depor-



te fai que a maior parte das competicións e regatas nas que compiten teñen lugar “fóra da casa”.

Nesta acto, como xa se deu conta en páxinas anteriores, entregáronse aos nos@s internacionais uns detalles en recoñecemento ao seu traballo así como a Medalla de Ouro de Breogán a Tono Campos, quen tamén recibiu un caricatura de mans de Gogue. Unha vez rematado este acto, os presentes trasladáronse a



“Sala das Dornas” para contemplar a inauguración da exposición “2016 UNHA TEMPORADA PARA EN-MARCAR”.

Tras a visita e despois de tirar as fotos de rigor, foi ofrecido na Cervecería “EL Crisol” un viño galego e uns pinchos, a todos os que acudiron, que serviu para poñer un broche de ouro a este importante día na vida da nosa entidade, sen dúbida unha cita que será lembrada por moitos. A todos grazas.



O Breogán do Grove, acada un meritorio cuarto posto no Campionato de España de Inverno

O Breogán de O Grove rematou nun magnífico CUARTO posto por clubs no Campionato de España de Inverno que se disputou en Sevilla os días 18 e 19 de marzo.

Nesta ocasión contabamos con varias baixas importantes, como a de Tono Campos (por lesión), Nuria Villacé ou Miguel López Oterino. De poder contar con tod@s posiblemente estaríamos no pódium, pero non puido ser, e os nos@s padexeir@s puxeron todo da súa parte obtendo un gran resultado, que incluso mellorou o quinto posto por clubs do pasado ano.

A nivel individual destacan os títulos de Campións de España obtidos por Diego Romero (C-1 home senior) e de Noel Domínguez (C-1 home senior); destacando tamén o 4º posto de José M. Sánchez (C-1 home senior), que se lle escapou unha medalla preto da súa entrada na meta.

Asimesmo é de destacar o 8º posto de Natalia García (K-1 muller senior) nunha distancia que non é a súa especialidade ou o 9º posto de Lara Outón (C-1 muller senior) no seu primer ano nesta categoría.

O resto de postos obtidos polos nos@s deportistas foron: K-1 muller xuvenil: Ángela Rodríguez (46º), Nerea López (49º),



HABITAT

Decoración

Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03
36980 O GROVE



Antía Naveiro (63°). C-1 home xuvenil: Juan Camilo Ortíz (28°). C-1 home senior: Adrián Fernández Lameiro (16°), Miguel Fernández Castro (45°), e o “incombustible” Lino Cacabelos (64°). K-1 muller senior: Tania Álvarez (23°), Rut Otero (65°).

Así, a “expedición” do Breogán do Grove volveu deste Campionato de España de Inverno con un 4° posto por clubs. Ademais de dous títulos de Campións de España acadados no día de hoxe.

@S NOS@S VETERAN@S COLGÁRONSE TRES MEDALLAS EN SEVILLA.

Ao mesmo tempo, tamén se celebraron as regatas correspondentes ao Campionato de España Master (veteran@s), onde o Breogán de O Grove estivo representado por catro deportistas. @s nos@s deportistas tiveron unha actuación moi destacada, rematando os catro entre os catro primeiros clasificados da súa categoría e modalidade, dos que

tres foron quen de subir ao pódium.

Rut Otero acadou a Medalla de Bronce no K-1 muller veterana (40-44), onde na mesma regata, Elena Naviero rematou na 4ª posición.

Miguel Fernández Castro, proclamouse o Subcampión de España no C-1 home veterano (35-39) mentres que Lino Cacabelos facíase cunha Medalla de Bronce para o C-1 home veterano (50-54).



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

Recepción @s nos@s deportistas

O 23 de marzo celebrouse na Cidade da Cultura de Santiago unha recepción por parte do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo aos deportistas galegos que foron medallistas en europeos e mundiais no ano 2016.

Cinco foron os convocad@s do Breogán de O Grove: Lara Outón, Tono Campos, María Clavo, José M. Sánchez e Natalia García.

Pola súa banda, o 17 de abril no Salón de Actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, tivo lugar unha Recepción aos Campións e Campioas Galegas en competición españolas, que contou coa presenza da Secretaría Xeral para o Deporte.

Trece foron os deportistas do Breogán os invitados a este acto: Tania Álvarez, María Calvo, Tono Campos, Noel Domínguez, Miguel Fernández, Adrián Fernández, Laura García, Natalia García, Miguel López, Elena Naveiro, Diego Romero, José M. Sánchez e Nuria Villacé.



Outro ano colaboramos co Nadal

Un ano máis o C.M.D.C. Breogán colaboru nos actos que se organizan no noso municipio co gallo da celebración do Nadal.

Na xa tradicional Cabalgata de Papa Noel, na que este ano tamén participou unha carroza co “Apalpador” que sacou á rúa o grupo de teatro Enxebre. Breogán estivo presente indirectamente, xa que prestou a plataforma coa que Enxebre sacou por primeira vez o Apalpador polas rúas do Grove.



Na Cabalgata dos Reis Magos, onde nos últimos anos contamos coa participación dunha carroza propia, este ano non foi así. Pero si estivemos presentes coa

nosa colaboración, xa que confeccionamos os bonecos dos Pitufos cos que saíu adornada unha das carrozas das que sacou á rúa o Concello do Grove.

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



O Breogán, o equipo máis galardoado na Gala Nacional de Piragüismo

O Auditorio Goyeneche do Comité Olímpico Español, acolleu o 4 de febreiro a Gala Nacional de Piragüismo. Nela fíxose entrega dos premios aos mellores da temporada 2016. O club Breogán de O Grove foi protagonista, sendo o club máis galardoado.

Breogán de O Grove:

- Campión da “Copa de S.M. La Reina”.
- Campión da I Liga Nacional Feminina.
- Tercer Posto da Liga Nacional de Piragüismo.
- Mellor Piragüista Feminina Nacional de Paracanoe: Elena Naveiro.



VICTOR OTERO PROL


Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



C/ Sineiro, 20 - A Bajo | 36980 O Grove (Pontevedra) ● Tel. 986 73 23 36 | Fax. 986 73 39 64
www.viabustravel.es